

O MUIÑO DO RÍO



NOME DO DOCUMENTO: MPG_IgBa_0371_014_en_0_45_08_id698_D

AUDIO DE REFERENCIA: MPG_IgBa_0371_014_en_0_45_08_id698.mp3

TIPO DE DOCUMENTO: Etnográfico xeral

MATERIAL DISPONÍBLE: Audio mp3 e transcripción

DATA DA RECOLLA: 16/02/1985

LOCALIZACIÓN:

Parroquia: Olas

Concello: Mesía

Provincia: A Coruña

País: Galicia

INFORMANTE: Bascoi Rosende, Mercedes

RECOLLEDORA: Blanco Bascoi, Clara (alumna)

COMPILADOR: Iglesias Dobarrio, Baldomero

COLECCIÓN: Baldomero Iglesias (Mero)

CONTEXTO:

Na recolla, a alumna de Mero grava á súa nai, Mercedes Bascoi Rosende, e á súa avoa, Teresa Blanco Quindimil. Esta peza é unha versión da cantiga do Muíño do Río tamén denominada algunhas veces como Cantiga do “Marquixo”. Trata a historia dunha muller que se libra das intencións dun marqués que chega ao muíño durante a noite.

TRANSCRIPCIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:

Isabel Vigo Rodríguez

PALABRAS CHAVE:

Muíño, marqués, tumbadoiro



TRANSCRICIÓN

Era una noite de lluvia y de frío
a que eu pasei no Muíño do Río.
E tan contenta empecei a cantar
para non ter medo a noite pasar.
Pum, pum! Petaron á porta
salín a correr e era marqués que viña moer.
E moi ben entrou para dentro e a porta cerrou
e un bo desengaño a pobre levou.
E o pillo decía: -Eu quería moer,
no Muíño do Río hoxe ten que ser!
-Ai, marquesiño, que risa me dás,
que se eu quero ti non moerás!
No meu muíño non manda ninguén,
E tódolo queren porque moe ben.
-E porque moe ben, dirán os tolos,
e polo visto non moe para todos!
E se ti queres, pra min moerá
e se non xa che pesará.
-Si me pesa, heino de pousar,
que por ti non penso chamar.
Homes cativos non nos poido ver
todos que veñen, marchan sin moer.
Pero o marqués, como era caradura
veuse arrimando e agharroume a cintura.
E certo vos digho que negra me vin
para defenderme daquel ghalopín.
Eu como tiña xenio logho me enfadei
E boteino fora e a porta cerrei.
Un pau no lombo, co tumbadoiro lle dei.
E pobre marqués que mal lle saleu.
Levou na chepa e máis, non moeu!